

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1º PARCIAL, 2ª AVALIACIÓN

3º ESO

Nome e apelidos:

Curso e grupo:

Data:

1. Fai unha caracterización xeral da cantiga de amor. 1 PUNTO.

2. Nomea e describe brevemente cales son os diferentes estados polos que pode pasar o trobador na cantiga de amor. 1.5 PUNTOS.

3. Define coita de amor. 1 PUNTO.

4. Indica cal é o procedemento de cohesión empregado nas palabras subliñadas. 1.5 PUNTOS.

a) Aínda que Carme practica balonmán, tenis e fútbol, o deporte non era o seu forte. Pero ela esforzouse, polo tanto conseguíuno.

b) Necesito a túa axuda, iso recomfortaríame moito. Véxote mañá no paseo marítimo, alí estaremos a gusto.

c) A súa amiga Silvia tróuxolle un regalo, esta ten uns gustos exquisitos, o agasallo pareceume precioso.

d) Xandra comprou un colar moi chamativo, xa que lle encantan as xoias.

5. Indica de que tipo son os conectores que aparecen subliñados. 1 PUNTO.

a) Eu traballo porque me gusta o que fago; eles, en cambio, só queren gañar diñeiro.

b) Onte foi un día horrible: en primeiro lugar, non soou o espertador e cheguei tarde á oficina; en segundo lugar, o xefe estaba de mal humor e advertíume de que iso non podía repetirse; finalmente, perdín a tarxeta. En resumo: foi un día pésimo.

c) O seu comportamento foi nefasto, así que se chamou aos pais para informalos.

d) Entre todos os medios de comunicación, a televisión é, sen dúbida, o máis penetrante, popular e, ademais, o máis efectivo; xa que produce o efecto desexado.

e) Os medios de comunicación ensínanos a realidade, mais fano á súa maneira.

6. Clasifica os seguintes substantivos en variables e invariables e logo indica de que tipo son. 1 PUNTO.

- cesta:

- paciente:

- corvo:

- vítima:

- condesa:

- manta:

- artista:

- marido:

7. Indica o xénero dos seguintes substantivos poñéndolle diante o artigo determinado. 1 PUNTO.

___ couce

___ paisaxe

___ costume

___ arte

___ calor

___ dote

___ te (letra)

___ dor

___ marxe

___ nariz

___ sal

___ canle

___ diadema

___ síndrome

___ análise

___ viaxe

___ fronte

___ alma

___ orixe

___ leite

8. Indica o plural dos seguintes substantivos. 0.5 PUNTOS.

- dolmen:
- cidade xardín:
- téxtil:
- fol:
- cónsul:
- control:
- xabaril:
- chuchamel:
- compás:
- garda civil:

9. Cambia de xénero os seguintes substantivos. 0.5 PUNTOS.

- fisterrán:
- egua:
- grou:
- tsarina:
- nora:
- pailán:
- ovella:
- compadre:
- abusón:
- león:

10. Coloca a partícula comparativa que corresponda. Se existe máis de unha posibilidade, indícao. 1 PUNTO.

- Todas as rapazas que escoitamos están máis preparadas _____ me dixeron moitas persoas.
- Resultounos tan interesante _____ sempre.
- A súa capacidade é maior _____ a miña
- Necesito estar máis segura _____ fago.
- A súa intelixencia é menor _____ nos parece
- Todo o mundo parece menos encantador _____ el.
- Recoñezo que es tan traballador _____ todos os teus amigos.